

ESCOITAR O MUNDO

REAL FILHARMONÍA
DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

Xoves 1 decembro 2022

Auditorio de Galicia, 20:30 h

DIVERTIMENTO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Rubén Gimeno, director

Birgit Kolar, violín

Sala Mozart 19:45 h

Conversando con... Rubén Gimeno



PROGRAMA

BÉLA BARTÓK (1881-1945)

Divertimento para cordas, BB 118

Allegro non troppo

Molto adagio

Allegro assai

LUDWIG VAN BEETHOVEN (1770-1827)

Concerto para violín en Re maior, op. 61


Allegro ma non troppo

Larghetto

Rondo: Allegro

Duración aproximada do concerto: 70 minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.



REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, desde 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora invitada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Director

Rubén Gimeno

Violín

Birgit Kolar

VIOLÍNS I

James Dahlgren
(concertino)
Adriana Winkler
(axuda de
concertino)
Anca Smeu **
Claudio Guridi
Ildikó Oltai
Michal Ryczel
Anna Alexandrova
Yulia
Petrushevskaya
Ilya Fisher
Victoria Jurov

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Samira Ajkic
Irina Gruia
Enrique Roca
Gyula Vadaszi
Kiyoko Ohashi
Helena Sengelow

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Tomur Sadykov
Ionela Ciobotaru
Iriana Fernández
Anne
Schlossmacher
Oxana Bakulina

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Thomas Piel
Millán Abeledo
Carlos García

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Amador Del Pozo

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **

CLARINETES

Vicente López *
Saúl Canosa (R)

FAGOTES

Manuel Veiga *
Belén Carril ***

TROMPAS

Alfredo Varela *
Jordi Ortega *

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llåtser **

TIMBAL

José Vicente Faus *

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

RUBÉN GIMENO DIRECTOR

Rubén Gimeno é actualmente Responsable da Joven Orquesta da Comunidad de Madrid (JORCAM) e Director Artístico da Joven Orquesta de Euskadi (EGO).

Foi o director titular da Orquesta Sinfónica do Vallés desde 2009 ata a tempada 15/16, e segue sendo convidado anualmente para diversos proxectos.

Como director convidado colaborou con moitas das orquestras españolas, como a Orquesta Sinfónica de Galicia, a Orquesta Nacional de España, a Orquesta Sinfónica de Tenerife, a Orquesta Euskadi, a Orquesta Sinfónica del Principado de Asturias, a Orquesta Sinfónica de Bilbao, a Orquesta Sinfónica de Castilla y León, a Orquesta de Málaga, Orquesta de Valencia, Orquesta Sinfónica de Barcelona e Nacional de Cataluña, a Orquesta Ciudad de Granada, a Orquesta Filarmónica de Oviedo, a Orquesta de la Comunidad de Madrid, a Orquesta do Palau de Les Arts ou a Orquesta do Gran Teatre do Liceu.

Fóra de España dirixiu a Orquesta Sinfónica de Norrköping, a Orquesta Sinfónica de Gävle, a Orquesta de Cámara de Xenebra MMCK (O Xapón), a Orquesta da Universidade de Maryland, a Orquesta SAMI (Suecia) e a Orquesta Nacional de Colombia, colaborando con solistas como Lang Lang, Midori, Violeta Urmana, Steven Isserlis Dimitri Sitkovetsky, Fazil Say, Gabriela Montero, Behzod Abduraimov, Maria Bayo, Michel Camilo...

A súa actividade no campo da lírica levouno a dirixir as producións do Teatro Campoamor de Oviedo de *Marina, La Gran Vía* e *Agua, Azucarillos y Aguardiente*. Dirixiu *Cádiz*, de Chueca, xunto á Orquesta Sinfónica de Galicia e *La del Soto del Parral* no Teatro de la Zarzuela. Así mesmo, desenvolve unha intensa colaboración dentro do ciclo “Ópera en Cataluña” dirixindo os *Contos* de Hoffmann, *L’Elisir d’Amore, Nabucco, Boheme, Madame Butterfly* e *Goyescas* entre outros.

Gravou coa Orquesta Sinfónica de Euskadi para o selo Claves, dentro da súa serie de compositores vascos.

2022

BIRGIT KOLAR VIOLÍN

Naceu en 1970 en Waidhofen/Ybbs (Austria), onde, á idade de seis anos, comezou a estudar violín na escola de música local.

Desde 1982 estudou na Universidade de Música de Viena co concertino da Orquestra Filharmónica de Viena, Rainer Küchl e o seu asistente Jela Spítkova. Continuou os seus estudos con Wolfgang Schneiderhan en Lucerna, Robert Masters en Londres e Josef Luitz en Viena.

En 1992 foi finalista e premiada no Concurso Internacional Yehudi Menuhin, onde deu un concerto baixo a batuta de Lord Menuhin.

Ofreceu concertos como solista en varios festivais de Europa, O Xapón e América do Sur.

Do 1999 ao 2008, Birgit Kolar tocou con membros da Symphonieorchester deas Bayerischen Rundfunks, e do Münchner Streichquartett.

Despois, en 2009 fundou xunto con membros da Wiener Philharmoniker e da Wiener Symphoniker o Seraphin Quartett Wien.

Birgit Kolar foi concertino da Orquestra Bruckner de Linz, a Orquestra Sinfónica de Viena e ata 2005 da Orquestra da Radio de Múnic.

Como concertino, foi convidada a varias orquestras europeas, como a Orquestra Estatal de Baviera (Münchner Staatsoper), a Orquestra Sinfónica do Gran Teatre do Liceu, a Orquestra Filharmónica BBC, a Orquestra Filharmónica de Bergen, a Orquestra Filharmónica de Copenhagen, etc. e regularmente coa Orquestra Filharmónica de Viena.

Do 2003 ao 2009 foi docente na Universidade de Música de Viena, e en 2011 na Universidade de Arte de Graz.

Birgit Kolar toca un violín Carlo Bergonzi, Cremona 1723 da colección de instrumentos propiedade do Banco Nacional de Austria.



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23


Considerado un dos compositores máis rupturistas do século XX, Béla Bartók estudou en Budapest cando as principais correntes modernas eran o posromanticismo e o impresionismo francés. Sen embargo, comezou a compoñer en clave do neonacionalismo musical, inspirándose no folclore de Hungría. Foi alí, no seu país, onde investigou a música tradicional, recollendo co seu colega Zoltan Kodaly, cancións e danzas directamente da xente e sentando as bases da etnomusicoloxía moderna. Nesas bases Bartók encontrou unha linguaxe propia na que foi modelando unha obra máis avanzada, persoal e universal levando a atención ao ritmo como centro do discurso sonoro dun catálogo moi extenso e creativo no que o técnico e o conceptual non esconde o carácter popular das músicas de tradición oral rexistradas. Bartók escribiu este *Divertimento para orquestra de corda* por encargo de Paul Sacher, quen lle ofreceu honorarios adecuados e a estrea coa Orquestra de cámara de Basilea da que era director, ademais de invitálo á súa casa de Saanen (Suíza), onde rematou o traballo en dúas semanas de agosto de 1939. Este *Divertimento*, en contraste con outras pezas coetáneas máis densas e escuras, é un exemplo de artesanía musical na que o autor utiliza técnicas de composición do pasado e trata os temas melódicos co mesmo detalle que

unha palilleira o seu encaixe, para tecer texturas de épocas pasadas como a fuga ou o canon, mesturadas con melodías de aire folclórico e ritmos vigorosos. Ademais, engade técnicas instrumentais como o *glissando*, o *sul ponticello*, o uso da sordina ou as disonancias harmónicas que move entre o modal e o tonal. Bartók concibe esta partitura en tres movementos organizados como un diálogo entre o conxunto orquestral e intervencións solistas puntuais. É dicir, como facía Stravinski nesa época, recupera a estrutura do *concerto grosso barroco* na tradición de compositores como Vivaldi ou Geminiani. Tamén asoman ecos mozartianos no uso do *Rondó* típico de finais do século XVIII, e desde logo, un vocabulario embebido dos estudos folclóricos realizados. Así o primeiro movemento, o que máis pegada húngara conserva, presenta unha clara forma sonata con constantes cambios de compás para acomodarse ás irregulares melodías populares. Tamén responde a una forma clásica o *Molto adagio* no que as seccións primeira e terceira son máis tristes e estáticas, aparecendo a luz e o clímax na parte central onde se encontran referencias ao típico xénero dos xitanos húngaros, *verbunkos* ou danza dos reclutas, coñecido por notas de paso moi rápidas entre valores máis longos. Unha danza é o fío conductor do *Allegro* final nun aloucado xogo entre solistas e o conxunto que recupera a

forma sonata onde sae o carácter máis descarado que xustifica o título de 'divertimento'.

Cumpridos os 27 anos, Ludwig van Beethoven comezou a sufrir os primeiros síntomas da xordeira mais ata 1802, non foi consciente da incurabilidade da enfermidade e agardou a 1806 para recoñecela publicamente. Nese momento, tras o fracaso da súa ópera *Fidelio* e terminada unha das súas sinfonías máis radiantes, a *Cuarta*, compuxo o seu único *Concerto para violín*. É unha obra imprescindible do repertorio para ese instrumento, encargada polo violinista e director do Theater an der Wien, Franz Clement, un persoeiro da sociedade musical de Viena. Aínda que o concerto non foi publicado ata 1808, estreouse nese teatro vienés en 1806 e, a partitura está dedicada a Clement e inclúe un texto para Stephan von Breuning, amigo da infancia de Beethoven con quen se refuxiaba da ira do seu pai alcohólico. A peza é considerablemente máis extensa e está escrita para unha orquestra máis grande que calquera das obras para violín anteriores pero o máis destacable é a extrema dificultade e esixencia da parte solista polo que poucos intérpretes da época estaban á altura. Así, o *Concerto para violín* definiuse como unha verdadeira sinfonía e non foi até 1844, en Londres, cando dirixido por

Felix Mendelssohn e interpretado polo gran violinista Joseph Joachim adquiriu o merecido recoñecemento. Divídese nos tradicionais tres movementos, anunciando o primeiro, *Allegro ma non troppo*, a amplitude sinfónica que impregnará toda a partitura. Aparece con catro golpes de timbal, un xesto como o motivo do 'Destino' da *Quinta Sinfonía*, reinterpretado e refundido. Unha longa introdución orquestral, que resume o contido temático do movemento, precede a entrada do violín cuxa liña melódica vén realizada polas ricas ornamentacións, aínda que sen parecer superficial. A beleza do violín define o *Larghetto*, no que destaca a delicadeza extrema do acompañamento orquestral e que responde o esquema dun tema con variacións. Despois dunha recapitulación dos temas do movemento, este péchase cunha coda. O movemento final, é un animado rondó máis caprichoso e desenfadado, de alegría explícita que case parece animado polo espírito da danza. Solista e fagot protagonizan un lírico e bela pasaxe antes de que unha breve e virtuosística cadencia leve a obra á súa radiante conclusión. Posiblemente, este foi o primeiro concerto 'romántico', unha obra expresiva que superou os límites da forma, revitalizándoa e abrindo camiño ás vindeiras xeracións de compositores.



PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 15 decembro 2022

Auditorio de Galicia, 20:30 h

SERENATAS

REAL FILHARMONIA DE GALICIA

Paul Daniel, director

- Antonín Dvořák: Serenata en re menor, op. 44, B. 77
- Richard Strauss: Serenata para ventos en Mi bemol maior, op. 7
- Piotr Ilyich Chaikovski: Serenata en Do maior, op. 48, TH 48

Sala Mozart 19:45 h

Conversando con... Paul Daniel

Xoves 5 xaneiro 2023

Auditorio de Galicia, 21:00 h

CONCERTO DE REIS

REAL FILHARMONIA DE GALICIA

Paul Daniel, director

- Piotr Ilyich Chaikovski:
O Crebanoces, op. 71, TH 14



C
Compostela
Cultura

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 462 Zona C

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacultura.gal


RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura


@rfgalicia
@CCultura


@realfilharmoniadegalicia
@compostelacultura


CONSORCIO DE
SANTIAGO


GOBIERNO
DE ESPAÑA


CONCEJO DE
SANTIAGO


XUNTA
DE GALICIA


AUDITORIO DE GALICIA


Deputación
DA CORUÑA